

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE ABRIL DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de abril de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 15, 22 de febreiro, 1, 8, 15, 22 e 29 de marzo de 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto de "revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal" relativo aos ámbitos e determinacións pendentes de aprobación polo parágrafo terceiro da parte dispositiva da Orde da CMATI do 29-04-2011, de aprobación definitiva parcial.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra de demolición do edificio e urbanización no ámbito do URPI-58 (antiga UA CS5) e restitución ao estado orixinal dos terreos.

Tamén se acorda a aprobación da contratación da subministración dun cinemómetro para a medición da velocidade dos vehículos en circulación, para utilización da Policía Local, aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado e da apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023-C004-000013.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac7799269515468843197.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2023

3. PERSOAL.- Acórdase adquirir o compromiso de incorporación dunha praza de traballador/a social, dúas prazas de ordenanza para servizos sociais e unha praza de auxiliar administrativo na próxima oferta de emprego público para o ano 2023 e unha praza de celador/a de deportes na próxima oferta de emprego público para o ano 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aceptar a subvención e aprobar a execución do Plan de Sostenibilidade Turística: Et edendo, Lucus: Un recorrido histórico por la enogastronomía, dentro da convocatoria extraordinaria 2022 -Planes de Sostenibilidade Turística en Destinos para EELL- do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Código proxecto: 23mrrxx43200.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.